


go o máis honesto posible. Afinidades electivas? chamámoslle ao ciclo, así, co interrogante, porque aí cada creador tería que falar non de si mesmo senón do outro, un exercicio de descentramento, un xogo de espellos que, sen dúbida, prometía sorpresas. Transcribimos aquí as intervencións de dúas das mesas, a de teatro e a de narrativa. Clara Gayo e Marta Pérez, Juan Tallón e Manuel Darriba. Voces valiosas en zona de sombra. Xulguen vostedes.

Sobre Marta Pérez

Clara Gayo Texto



Marta Pérez é unha amiga descoñecida. Teño máis, por certo, como ben puiden comprobar hai pouco no encontro "Mulleres Creando" que a propia Marta, xunto con Anxeles Cuña, propiciou no FITO de Ourense. Neses días de convivencias e confidencias, de análises e reencontros, as amigas e compañeiras descoñecidas mirámonos aos ollos perplexas ao descubrímonos: Pero ti, onde estabas? Sempre dixen que debe ser a obra quen fale e evidencie á artista, pero o certo é que nestes tempos de hostilidade institucional extrema, coñecer o traballo das compañeiras non é tarefa doada. No

encontro, tivemos oportunidade de partillar vidas e obras, comprobamos todo o que nos perdemos unhas das outras, recuperamos lugares comúns que sempre foron nosos, pero que quedaran relegados a unha vivencia solitaria e particular.

E todo isto produciuse grazas a Marta. Porque Marta empeñou a súa vontade para que acontecesse... E aconteceu.

Con férrea determinación, con horas e máis horas de paciente estudo, Marta crea pelexando corpo a corpo cos medos propios. Explora as súas motivacións, as súas vergonzas, os seus desexos, transgride o pensamento filosófico, descobre a súa forza... E funde todo ese arsenal para convertelo nun espello onde o resto nos miramos.

Teño moito que aprender de Marta, moito que mirar nese espello: a obra dunha artista teimuda, contundente, honesta e incómoda. Marta non chama ás portas: constrúe as propias. Para entrar e saír cando lle pete, como debe ser. Para *despelotarse* a propósito de Heidegger, como debe ser. Para sucumbir á "viril" sedución dun Aristófanes *canalla* (e lembrarnos, así, a todos os *canallas* que seguimos consentindo na nosa cama) Como debe ser.

"Somos un ente invisible, debaixo da roupa non temos nada. Somos públicas, todo se ve, somos privadas, todo se agocha. Somos públi-

cas, todo se agocha, somos privadas, todo se ve" Fémina Sapiens.

Marta Pérez recorre á súa parte máis visceral para construír a acción actoral, pero no discurso non deixa espazo a excesivas poéticas. Non se agocha tras a ambigüidade. O texto é descarnado e obxectivo, con pouco o ningún espazo para as dobres interpretacións: o que estás a escoitar é o que é, gústeche ou non, esteas de acordo ou non. É o que é. E é verdade.

A Marta non lle interesa moito saber a que cheiran as nubes nin afondar no amor romántico e moito menos lle interesa o universo feminino bonito, harmónico e multicolor. Nin sequera lle importa demasiado o impacto que provoca a visión do seu corpo espido recortado pola luz escénica. Hai algo urxente que debe transmitir, hai unha mensaxe que non admite demoras... Non obstante, e malia a aparente emerxencia, ela tece a súa obra con paciencia e tempo sobrado, con meses de documentación, lecturas e reflexión escrita. Marta Pérez é unha pensadora. O público, posteriormente, recibe esas certezas traducidas a un idioma común e inapelable, que non admite réplicas, e, máis aló de gustos (ou desgustos) o público debe, debemos, recoñecer, que estamos ante unha artista brava, sincera, intelixente, presente.

Galiza está inzada de artistas coma ela. Creadoras que resisten, existen e insisten desde a precariedade económica, desde a vontade pura, desde unha irrevogable vocación...

Marta Pérez leva razón: Non hai tempo que perder, amigas descoñecidas.